

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 22 Outono 2022
Revista dixital



Ilustre Colexio da Avogacía
de Santiago de Compostela



Emotivo acto de San Raimundo de Peñafort da Avogacía de Santiago

Quenda de violencia de xénero do colexio: empatía e formación



Diego Espiñeira



Ma de los Ángeles Mera



Ma Jesús Fernández



Luis López

VIDA COLEXIAL

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela aproba os seus novos estatutos

A formación continua do colexio recupera a súa presencialidade con varios cursos e xornadas



Entrevista a Juan José Martín Álvarez

AO PÉ DA LETRA

Asimetría normativa e preterición práctica

Por José Ramón Freijeiro Otero
Colexiado 1773 ICA Santiago



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

 **Servizos Colexiados**

 **Acceso Libre**



Circulares

Todas as novidades de ICA Santiago para os colexiados: circulares informativas, notas informativas, nomenclatura, etc.

LexNET

LexNet - Servizos Telemáticos

Lexnet, Servizos Recadragia, Reclamacións tráfico (Sop-Lex)

SIGA

SIGA

Programa de Nación Colexial



Oficina Virtual

Siguro PC, formularios e relacións de cursos, calificacións de cursos, calificacións de cursos



Quenda de Oficio

AVGNet, Sistema de notificación electrónica, Baremos de compensación económica, normativa, lista de galegos, formularios



Bases de Datos - Biblioteca Online

Biblioteca Online, Bases de datos (Tirant, La Ley, Cerdas)



Taxación de custas

Calculo de honorarios en taxación de custas, Calculadora escala tipo



Ferramentas - Calculadoras

Calculadoras: custas, taxas, kudos, xudiciais, cláusulas chris, indemnización por despido, empenho de salario, etc.



Sede Electrónica Xudicial

Estado no que a Administración de Xustiza en Galicia, cidadáns e profesionais se relacionan no marco da actividade xudicial



Guía Colexial - Revista

Guía colexial, Revista ICA Santiago, "Avogacía Compostela", Consulta todos os números da nosa revista colexial



Servizo de Asesoramento Lingüístico

Espazo de formación, apoio e actualización continuada en materia de lingua para todos os colexiados e persoas relacionadas coa avogacía



Taboleiro de Anuncios

Consulta o taboleiro de anuncios online de ICA Santiago para estar ao día de novidades e avisos do Colexio



Outros Servizos

Outros servizos colexiais: acceso a conta de correo electrónico e sinatura electrónica



Mediación

Servizo de mediación ICAS: normativa colexial e estatal, formularios, rexistro de mediadores, etc.

Páxina web do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

ACCESOS DESTACADOS



CONTACTA CON NÓS



Enderezo:

Rue Eduardo Pondal, 4
15702 Santiago de Compostela

Teléfono:

981 581 713

Fax:

981 581 132

Email:

contacta con nós >

Horario:

Atención ao público: luns a venres, de 09:00 a 14:00

COLABORADORES





Avogacía Compostelá

Dirección

Xunta de goberno



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Contidos

Pablo G. Quintas
(Lupa Comunicación)



Maquetación

José S. Vilariño Vázquez



1844 - 2021

Sumario

Editorial 4

NOVAS DA AVOGACÍA

Novo estatuto do colexio 5,6

A Avogacía impulsa a campaña #DereitoaConciliar 7

Quenda de oficio de violencia de xénero: formación e empatía ao servizo de todas as vítimas..... 8,9

COLABORACIÓN

Igualdade no exercicio da avogacía..... 10,11,12

VIDA COLEXIAL

O colexio aprobou as súas contas anuais nunha xunta xeral presidida por primeira vez na historia por tres mulleres..... 13

Restablecemento do servizo de togas nas dependencias xudiciais..... 13

Xornadas e actividades de formación no colexio..... 14

Xornadas de formación sobre violencia de xénero e violencia sexual..... 15

XV Xornada Xustiza e Lingua..... 15

Emotivo acto de San Raimundo de Peñafort..... 16,17,18

Cruz Vermella Compostela: 125 anos de servizo á cidade..... 19

Entrevista Juan José Martín Álvarez..... 20,21,22,23

Acto de despedida aos alumnos e alumnas do Máster en Avogacía da USC e o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela..... 24

Quenda voluntaria especializada para asesorar as persoas desprazadas desde Ucraína..... 25

Asesoramento a persoas sen recursos..... 25

Ao pé da letra..... 26,27,28

O colexio nos medios..... 29

A Avogacía Compostelá conta cun novo canal en YouTube..... 30

Máis de 3.000 seguidores nos perfís en redes sociais..... 30

Co patrocinio de:



XUNTA
DE GALICIA

Depósito legal: C-3778-2007

Deseño: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Francisco
Rabuñal Mosquera
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimadas compañeiras, / Estimados compañeiros,

Aquí tedes un novo número da revista colexial *Avogacía Compostelá*, que fai un repaso do acontecido nos últimos meses. Como principal novidade, debo destacar a aprobación dos novos estatutos do Colexio que, entre outros aspectos, adopta unha linguaxe máis inclusiva e leva consigo o cambio de denominación do colexio, que pasa a chamarse Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, en consonancia co noso compromiso co principio de igualdade de xénero.

Este número inclúe unha reportaxe sobre a quenda de oficio especializada en violencia de xénero do colexio, con testemuños dos avogados e avogadas que formades parte dela. Quero aproveitar unha vez máis para destacar o voso esforzo, así como o dos traballadores e traballadoras do colexio, para ofrecer á sociedade un moi bo servizo de asistencia gratuíta, con profesionais cualificados e cunha gran formación.

A formación continua é como ben sabedes unha das prioridades do colexio e este ano puidemos recuperar xa dunha forma total a presencialidade, pero sen por suposto deixar atrás os beneficios da formación telemática. Con ese mesmo fin, ademais, puxemos en marcha un canal en YouTube no que emitimos e podedes consultar moitas das xornadas e cursos que organizamos no colexio.

Este número da revista recolle unha entrevista con Juan José Martín Álvarez, durante moitos anos director xeral de Xustiza e desde o pasado mes de maio secretario de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Quixemos agradecerlle a súa colaboración co noso colexio na gala de San Raimundo de Peñafort, que este ano foi excepcionalmente no mes de xuño para celebrala sen ningún tipo de restricións ou limitacións pola pandemia.

Un dos momentos máis emotivos desta gala foi a entrega dunha placa conmemorativa a Jesús Maroño Barreiro, en recoñecemento aos seus máis de 60 anos de exercicio profesional. Desgraciadamente, faleceu o pasado mes de agosto, polo que quero enviar unha agarimosa aperta á súa familia.

Por outra parte, a nosa vicedecana, Carmen González Ferro, publica un artigo que contén un extracto do seu relatorio sobre igualdade no exercicio da avogacía presentado nas I Xornadas de Defensa e Protección da Defensa, que se realizaron en Vigo. Incide na necesidade de traballar e avanzar para acadar unha igualdade real na avogacía.

Nas seguintes páxinas tedes tamén información sobre a campaña da Avogacía institucional para acadar un dereito a conciliar regulado e xusto, e un repaso a outras actividades e iniciativas levadas a cabo durante o ano polo noso colexio.


Estamos xa a poucas semanas de que remate o ano, polo que quero aproveitar estas liñas para desexarvos un bo final de 2022 e unha mellor entrada no 2023, e tamén para recordarvos que convocamos eleccións á Xunta do Goberno do Colexio, polo que vos pido a vosa participación.

Moitas grazas e unha agarimosa aperta a todos e a todas.

Francisco Rabuñal Mosquera

O colexio pasa a chamarse Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela polo noso compromiso coa igualdade de xénero

A Xunta Xeral aprobou os novos estatutos da institución, que aposta pola linguaxe inclusiva e a igualdade efectiva



Xunta Xeral do Colexio de Avogados de Santiago aprobou por unanimidade o cambio de denominación da institución, que pasa a chamarse Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

En concreto, a Xunta Xeral aprobou os novos estatutos do colexio, que na redacción do seu texto ofrece unha linguaxe inclusiva e democrática en prol da igualdade efectiva de mulleres e homes, “en consonancia co compromiso desta corporación co principio de igualdade de xénero”.

Coa mesma perspectiva, considerouse que era o momento oportuno para adaptar e modernizar a denominación do colexio, “para adecuala ás recomendacións que se veñen ofrecendo sobre esta materia, tanto desde as administracións estatal e autonómica, como desde o goberno institucional da avogacía”, explica o decano, Francisco Rabuñal. Como nome comercial ou marca usarase tamén a denominación de ‘Avogacía Compostelá’.

Ademais, o artigo 5 dos estatutos establece o galego como idioma oficial do colexio, xunto co castelán

como lingua oficial do Estado. O colexio utilizará o galego nas súas actuacións administrativas e nas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas de Galicia.

A renovación do estatuto leva consigo unha aposta decidida pola modernización do colexio en todos os ámbitos, e de maneira especial no relativo ás novas tecnoloxías, dada a implantación das plataformas dixitais de interacción cos órganos xudiciais e, en xeral, coas administracións públicas.

O colexio dispoñerá dun portal electrónico para que, a través do portelo único previsto na lei, os e as profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia.

Por outra parte, o texto do estatuto recolle os fins do colexio, entre os que están a ordenación do exercicio da profesión; a súa exclusiva representación institucional; a defensa dos dereitos e intereses profesionais dos avogados e avogadas; o control deontolóxico e o exercicio da potestade disciplinaria; a formación inicial e permanente das persoas colexiadas; a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza; a organización e prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta nos termos establecidos nas leis, e a intervención no proceso de acceso á profesión.


Polo que respecta á acción social, o colexio terá especialmente en conta a súa responsabilidade con respecto á sociedade en que se integra. Por iso poderá promover, organizar e executar programas de acción social en beneficio dos sectores máis desfavorecidos, así como para a promoción e difusión dos dereitos fundamentais, os valores democráticos de convivencia ou a cooperación internacional.

Entre as funcións do colexio atópanse a representación e defensa da profesión; ordenar, no ámbito da súa competencia, a actividade profesional; organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional, cultural, asistencial, de previsión e análogos, de interese para os seus membros, e elaborar e aprobar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como as súas contas e liquidacións.

Tamén son funcións do colexio elaborar criterios orientativos de honorarios para os efectos exclusivos das taxacións de custas e das xuras de contas, de conformidade co establecido na lei; emitir informes nos procedementos administrativos ou xudiciais; propoñer e adoptar as medidas necesarias para evitar o intrusismo profesional e a competencia desleal; procurar o perfeccionamento da actividade profesional e a formación permanente, e exercer, na orde profesional e colexial, a potestade disciplinaria.



A Avogacía impulsa a campaña #DereitoaConciliar



Consejo General de la Abogacía Española, co apoio dos 83 colexios profesionais da avogacía, entre eles o de Santiago de Compostela, impulsa a campaña 'Dereito a Conciliar'.



Moitos profesionais da avogacía deben facer fronte a moitas dificultades ao serlles denegadas as suspensións de xuízos e prazos nada máis ter un fillo, estar a piques de dar a luz ou sufrir un accidente, porque son situacións que non están contempladas como un suposto para suspender os prazos procesuais. E por iso, ao non estar regulado, a situación depende da discrecionalidade, e boa vontade, dos xuíces ou dos letrados da Administración de xustiza.

Esta situación podería cambiar pronto se entra en vigor o acordo acadado o ano pasado entre o Ministerio de Xustiza e o Consejo General de la Abogacía, que leva tempo esixindo un cambio lexislativo para regular esta cuestión. E parece que por fin se logrou, grazas a unhas medidas que se recollerán na nova Lei de

eficiencia procesual, cuxa tramitación parlamentaria se espera para este ano.

No devandito acordo establécese a suspensión de prazos procesuais para os casos de permiso de maternidade, paternidade e outras situacións persoais como enfermidade grave ou falecemento dun familiar. Tamén se declaran inhábiles para os efectos procesuais os días entre o 24 de decembro e o 6 de xaneiro.

A avogacía celebra esta reforma lexislativa, aínda que esixe máis medidas: "Queremos que se recolla tamén a suspensión de procedementos por enfermidade, accidente ou hospitalización do profesional da avogacía que estea a levar a defensa".

"Obrigado a traballar nestas situacións a avogados e avogadas supón un absoluto desprezo non só ao seu dereito para conciliar a actividade profesional coa vida persoal, senón tamén ao dereito da cidadanía a unha defensa de calidade", afirma o Consejo General de la Abogacía Española.



Quenda de oficio de violencia de xénero: formación e empatía ao servizo de todas as vítimas

O servizo de xustiza gratuíta do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela ten unha quenda de oficio para os casos de violencia de xénero, composta por 88 profesionais con especialización nesta materia e operativa as 24 horas do día os 365 días do ano.

Ocolexio leva anos demandando un xulgado exclusivo de violencia de xénero en Santiago de Compostela que axilice os procedementos e destaca o esforzo dos profesionais da quenda. “Os avogados e avogadas que forman parte dela fan un gran traballo, que nin sequera se detivo nos momentos máis complicados da pandemia”, lembra o decano, Francisco Rabuñal.

María Jesús Fernández Chao é unha das avogadas da quenda do colexio de Santiago. “É moi importante a formación, saber moi ben os pasos que hai que dar cando te fas cargo dun caso, asesorar ben as vítimas”, destaca, por iso considera fundamental “a formación continua que ofrece o colexio e o interese profesional de estar sempre ben informada de todas as novidades”.

Asesoramento especializado

“Temos que ter moita empatía, as vítimas chegan nun estado emocional moi complicado”, afirma pola súa parte Luis

López Martínez. Da mesma opinión é Diego Espiñeira Romero: “Loxicamente estamos a falar dunha quenda moi específica e diferente, temos que asesorar as vítimas e para iso é moi importante saber escoitar e tranquilizar”.

Ángeles Mera Costa considera que “en ocasións sería importante axilizar o proceso pensando nas vítimas,



xa que nalgúns casos se prolonga moitas horas". Nos catro casos, María Jesús Fernández, Ángeles Mera, Diego Espiñeira e Luis López fan un balance "moi satisfactorio de formar parte desta quenda" e teñen dúbidas sobre se a situación dende a sociedade mellora para dar pasos contra esta lacra da violencia machista. "Os casos medran, en ocasións con xente moi nova implicada, e a pandemia non axudou", afirman.

Diego Espiñeira considera que "talvez sería necesaria unha mellor distribución dos recursos públicos que se destinan á loita contra a violencia machista, ampliando por exemplo as prazas dispoñibles en casas de acollida".

"É verdade que moitas veces as vítimas chegan sen ter moi claro que pasos dar, pero estamos

a falar de situacións moi complexas e duras a nivel persoal e familiar, non é sinxelo", asegura Ángeles Mera. Pensando nos avogados e avogadas que se incorporan agora á quenda, Luis López recoméndalles "formación, saber escoitar e que non teñan présa".

"Moitos dos avogados e avogadas que estamos nesta quenda formamos tamén parte doutras de diferentes materias, pero está claro que os casos de violencia de xénero son especiais, moi delicados, hai que ter moita empatía", incide María Jesús Fernández.

Lexislación

Cando unha muller acode á comisaría, en calquera lugar de España e a calquera hora do día ou da

noite, para denunciar que foi vítima de violencia de xénero, ten dereito a contar cun avogado da quenda de oficio. Así o establece a Lei de asistencia xurídica gratuíta, que no seu artigo 2.g) di que "con independencia da existencia de recursos para litigar, recoñécese o dereito de asistencia xurídica gratuíta, que se lles prestará de inmediato, ás vítimas de violencia de xénero, de terrorismo e de trata de seres humanos [...], así como ás persoas menores de idade e ás persoas con discapacidade necesitadas de especial protección".

O Colexio da Avogacía de Santiago aconsella que antes de presentar unha denuncia soliciten na sede colexial, ou nas dependencias policiais, a designación dun avogado ou avogada de oficio. "Loxicamente as vítimas non teñen a mesma información e especialización ca nós, pero estamos aquí para axudalas", rematan Ángeles Mera, Diego Espiñeira, Luis López e María Jesús Fernández.



Igualdade no exercicio da avogacía

M^a del Carmen González Ferro é a vicedecana do ICA Santiago, a primeira muller que ocupa este cargo do Colexio nos seus 178 anos de historia. Este é un extracto do seu relatorio sobre igualdade no exercicio da avogacía, presentado nas I Xornadas de Defensa e Protección da Defensa, baixo o lema “Avogacía digna e independente”, que se levaron a cabo en Vigo os días 16 e 17 de xuño.



Colexieime en setembro do ano 1993 mentres estaba de pasante nun despacho da avogacía de Santiago, dos que daquela eran importantes. Cando comecei a exercer, hai 29 anos, xa había un importante número de avogadas exercentes, pero non eramos maioría e, desde logo, non eran maioría as avogadas máis veteranas.

Actualmente acadamos unha igualdade numérica, cuantitativa, en todo o Estado español, polo que este relatorio tratará de poñer o foco de atención noutros aspectos da igualdade en relación coa nosa profesión, e para iso vouvos formular unha serie de cuestións que coido que sería interesante abordar e que xiran ao redor do título do relatorio:

A igualdade numérica, é igualdade?

Deste primeiro interrogante xorden outros cinco, que son os que deixarei formulados nesta exposición.

1. Existe na avogacía o chamado “gueto de terciopelo”?
2. Existe na avogacía unha segregación horizontal por sectores?
3. Existe unha segregación vertical nos grandes e medianos despachos?
4. Existe unha segregación horizontal e vertical nas xuntas de goberno dos ICAS?
5. Existe unha segregación horizontal no CGAE?

1. Existe na avogacía o denominado “gueto de terciopelo”?

Gueto de terciopelo: Que define sectores profesionais e laborais que se feminizan e acaban considerándose

traballos aptos para mulleres. O que inmediatamente comporta unha redución salarial, empeoramento das condicións laborais e dificultades de ascenso, aínda cando haxa homes que os desenvolvan.

A pregunta sobre que supuxo que exista unha igualdade numérica entre homes e mulleres exercendo a avogacía debería levar a preguntarnos se isto supuxo un empeoramento das condicións laborais e salariais na profesión.

É evidente que na resposta a esta pregunta inflúen claramente outros factores como a aparición de empresas tipo Legalitas ou Litigator que supuxeron un enorme cambio na avogacía e, sobre todo, na percepción que ten a cidadanía do valor do noso traballo que, claramente, se infravalorou con estas novas formas de exercicio profesional. Trátase dunha cuestión que daría non sei se para un congreso pero si para un debate profundo e detallado sobre as consecuencias que para o 80 % dos avogados e das avogadas teñen este tipo de empresas ou novas formas de exercicio profesional.

Pero deixando á marxe a influencia que, sen dúbida, está a ter a globalización e a aparición desta avogacía *low cost*, debemos valorar se a paulatina incorporación de mulleres ao mundo da avogacía supuxo unha perda de valor do noso traballo —e cando falo de perda de valor, estou a facelo en termos puramente económicos—, é unha realidade que hoxe, en termos xerais, os avogados e avogadas gañamos menos que hai 30 anos, cando as mulleres non eramos maioría, e, porén, cando acadamos esa maioría, o rendemento económico que obtemos polo noso traballo é menor que o que obtiñan os compañeiros que exercían 20 ou 30 anos atrás.

2. Existe na avogacía unha segregación horizontal por sectores

A segregación horizontal en termos de igualdade supón a existencia dunha división por sectores, de tal modo que as mulleres dentro da mesma profesión desempeñan traballos máis feminizados. Poderíamos chamalo “especialización por materias”.

Se nos remontamos aos anos 70 e 80, mesmo a principios dos 90, e nos detemos nas materias ás que se dedicaban as avogadas que exercían daquela, atopámonos con que a maioría facíano en dous ámbitos moi concretos: o ámbito laboral e o dereito de familia. E se profundamos máis dentro destes dous ámbitos, as avogadas que exercían como laboralistas ou en dereito de familia facíano maioritariamente defendendo os traballadores e as mulleres que decidían separarse ou divorciarse. Os empresarios ou as empresas e os maridos contrataban os compañeiros avogados.



FORNADAS DE DEFENSA Y PROTECCIÓN DE LA DEFENSA
ABOGACÍA DIGNA E INDEPENDIENTE



Abogacía Española



Colegio de Abogados de Vigo

DISTRIBUCIÓN POR IDADES COLEGIADOS ICA SANTIAGO



Trasladando estas reflexións ao momento actual, debemos preguntarnos cal é o ámbito de traballo ou de actuación maioritario das compañeiras. E o certo é que aínda que medrásemos en número, e isto fixo que esteamos presentes en todos os sectores profesionais, non é menos certo que maioritariamente continuamos a nos dedicar ao ámbito do dereito de familia e, somos abafadora maioría, na defensa das mulleres vítimas de violencia de xénero, ou na quenda de oficio.

A pregunta é se esta dedicación supón que trasladamos ao exercicio profesional o rol de coidadoras, de asunción da protección dos que consideramos máis desfavorecidos e, ao mesmo tempo, optamos por sectores de traballo nos que atopamos menos obstáculos para progresar profesionalmente. O certo é que, por exemplo, o número de avogadas administradoras concursais

non é o mesmo que de avogados administradores concursais.

Hai o mesmo número de avogadas e avogados dedicados ao dereito penal económico, ao dereito administrativo de grandes contratos, concesións ou responsabilidade patrimonial, ou nas ramas do dereito mercantil nas que os procedementos xiran ao redor de grandes empresas e cantidades de diñeiro? Eu creo que a resposta a esta pregunta é que non, e isto lévanos de novo á cuestión do gueto de *terciopelo* e a formularnos dúas cuestións:

1. Continúan os avogados (homes) ocupando maioritariamente os sectores da profesión que son economicamente máis rendibles?
2. Os ámbitos de exercicio profesional que están ocupados maioritariamente por avogadas experimentou unha diminución do valor económico do seu traballo?

En definitiva, a igualdade numérica entre avogados e avogadas desaparece cando desagregamos os datos e os separamos por sectores.

Intimamente relacionado coa anterior cuestión xorde o terceiro interrogante:

3. Existe unha segregación vertical nos grandes e medianos despachos?

Esta foto é a primeira que me saíu no buscador cando tecleei “grandes avogados España”.

Trátase dunha foto publicada en *Expansión* no ano 2020, concretamente o 15.06.2020, hai dous anos. O máis interesante, ademais de que obviamente non hai ningunha avogada, é que o pé de foto indica: “*Son los líderes de la abogacía de los negocios*”

E continúa a noticia dicindo que se trata dos 10 mellores despachos de España.



Neste mesmo medio de comunicación publicáronse o mesmo día os finalistas do premio á mellor boutique xurídica (despachos con menos de 50 empregados). Entre os 10 finalistas, só hai unha avogada.

Se ademais de poñer o foco no pico da pirámide ou da xerarquía dos despachos que teñen un enfoque máis empresarial, se descende aos rangos intermedios, como directores de departamento ou xefes de división, apréciase que non existe esa igualdade numérica, que a maioría destes postos continúan ocupando os compañeiros homes.

novas tecnoloxías, arbitrase, as relacionadas co dereito mercantil etc.

En definitiva, levamos a segregación horizontal á distribución de materias e de traballo nos ICAS.

5. Existe unha segregación horizontal no CGAE?

Cóstanos que no CGAE o número de decanas é notablemente inferior ao de decanos, cuestión que volve sinalar que a igualdade numérica non elimina a segregación vertical porque a pesar desta paridade en número de colexiadas e colexiados nos órganos

de goberno dos ICAS, o *primus inter pares* continúa sendo maioritariamente un avogado.

Pero a pregunta é: que áreas de traballo ocupan maioritariamente as decanas? As de igualdade, defensa de dereitos dos máis desfavorecidos, as que teñen que ver coas mulleres e os sectores máis desfavorecidos. E novamente vemos, do mesmo xeito que nas xuntas de goberno dos colexios da avogacía, que as áreas temáticas máis tecnificadas ou que están vinculadas a ámbitos economicamente máis importantes, están ocupadas por decanos.



É difícil afirmar que esta circunstancia conorra tamén no ámbito dos despachos máis pequenos ou medianos, porque non hai ningún estudo neste sentido, pero creo que non é difícil supoñer que esta diferenciación tamén se apreciaría.

4. Existe unha segregación horizontal e vertical nas xuntas de goberno dos ICAS?

Se partimos de que na maioría dos ICAS existe unha igualdade numérica, por que esta igualdade non se traslada ás xuntas de goberno da maioría dos colexios?

Nos colexios onde hai unha igualdade numérica entre membros das xuntas de goberno, que postos ocupan as avogadas? A que materias se dedican?

Sabemos cantas decanas hai, pero coñecemos o número de vicedecanas que hai? E de tesoureas?

As compañeiras que estamos nas xuntas de goberno somos as que asumimos maioritariamente os ámbitos de traballo en igualdade. Somos as que traballamos maioritariamente desde os colexios en todo o ámbito da violencia de xénero, delitos sexuais, menores...; mentres que os compañeiros homes asumen outras competencias ou materias máis tecnificadas, como

COLOFÓN:

1. Debemos traballar e avanzar para acadar esa igualdade real que garanta que as avogadas se incorporaren maioritariamente aos ámbitos de traballo tradicionalmente máis masculinizados, e, ao contrario, que os avogados se acheguen a sectores máis feminizados, como a violencia de xénero, por exemplo.
2. Debemos traballar e avanzar en que os avogados se ocupen dentro das xuntas de goberno dos ICAS de materias como a igualdade, igual que no CGAE, pero, sobre todo, para que as avogadas queiran formar parte destas xuntas de goberno.
3. En definitiva, debemos comprender que a igualdade numérica en termos absolutos non é garantía dunha igualdade real no exercicio da profesión e que debemos traballar para acadar esta igualdade real.

O colexio aprobou as súas contas anuais nunha xunta xeral presidida por primeira vez na historia por tres mulleres

O Colexio da Avogacía de Santiago celebrou en marzo a súa xunta xeral, que ao coincidir cos actos conmemorativos do 8M foi presidida por primeira vez na historia da institución por tres mulleres: a vicedecana Carmen González Ferro e as deputadas da xunta de goberno Chus Vieito e Margarita Ruíz.

Os colexiados e colexiadas presentes na xunta aprobaron por unanimidade o informe de xestión do colexio durante o ano 2021, no que a pesar da pandemia do coronavirus mantivo toda a súa actividade.

“Quero agradecer o esforzo de todos e todas as colexiadas, das persoas que forman parte da quenda de oficio e do persoal do colexio, que nunca deixaron de dar servizo á cidadanía na pandemia”, destacou Carmen González Ferro.

Durante o ano pasado, o colexio tramitou 3.524 expedientes de xustiza gratuíta, aprobou diferentes medidas de axuda aos colexiados pola Covid-19 e mantivo as actividades de formación, moitas delas de forma telemática.

No seu labor de servizo á sociedade, o colexio asinou un convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal e o Ciarcus, para a posta en marcha dun programa de mediación penal; e dous convenios co Concello de Santiago de Compostela, para a xestión tributaria en nome de terceiros e para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e mediación en conflitos veciñais e desafuzamentos.



Restablecemento do servizo de togas nas dependencias xudiciais




A Xunta de Goberno tomou en setembro o acordo de restablecer o servizo de préstamo de togas nas oficinas do Colexio nos distintos xulgados do noso ámbito territorial, unha vez levantada a suspensión que se acordara como consecuencia da pandemia.

Así mesmo, acordouse dotar a sala de togas do edificio das Fontiñas dun sistema de limpeza e desinfección con vapor destinado a manter o coidado hixiénico destas prendas para o seu uso continuado. No caso dos demais partidos xudiciais, enviaranse á tinturaría periodicamente ou cando por necesidade así o comunique a delegada ou delegado de cada partido.

Por outra parte, co fin de potenciar o uso individual das togas por parte dos colexiados e colexiadas, o Colexio chegou a un acordo cunha empresa local especializada en vestiario laboral para facilitar a súa adquisición. Grazas a este acordo e á subvención achegada polo colexio, cada colexiado ou colexiada poderá adquirir a súa toga polo importe de 50 euros máis IVE.

Xornadas e actividades de formación no colexio

 Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela organizou durante o ano diferentes actividades de formación, recuperando ademais a presencialidade despois das limitacións derivadas da pandemia do coronavirus.

Entre estas actividades, destacaron as xornadas 'Contratación administrativa: baixas temerarias e competencia na contratación local'. O ICA Santiago organizou estas xornadas entre abril e maio.



Nunha das sesións, tras a presentación por parte do decano, Francisco Rabuñal, o relator foi Luis Villares Naveira, maxistrado do TSXG, mentres que noutra das sesións estiveron José M^a Gimeno Feliu, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Zaragoza, e Ignacio López-Chaves Castro, presidente da Comisión Galega da Competencia.

Tamén se celebrou unha xornada sobre responsabilidade civil. Presentada pola vicedecana do colexio, Carmen González Ferro, contou como relatores con José Luis Seoane Spiegelberg, maxistrado do Tribunal Supremo, e Gonzalo Iturmendi, avogado.

Ademais, o colexio colabora tamén con cursos organizados por outras entidades, como os destinados a abordar os piares básicos da asesoría fiscal, laboral e contable, organizados polo Colexio de Economistas.

No apartado formativo, houbo representación do ICA Santiago nas X Xornadas de Avogados e Avogadas de Violencia de Xénero, levadas a cabo en León e



organizadas polo Consejo General de la Abogacía Española e o ICA León.



O colexio informa tamén a través das súas redes sociais de todas as xornadas formativas organizadas polo Consejo General de la Abogacía Española, como é o caso das 'Conferencias dos Luns', que se poden seguir en liña.



Xornadas de formación sobre violencia de xénero e violencia sexual

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica da USC, organizou un curso de formación continua sobre violencia de xénero e violencia sexual.

As xornadas 'Cuestións prácticas sobre violencia de xénero e violencia sexual' tiveron lugar os días 27 de outubro, 3, 8, 10 e 15 de novembro no salón de graos da Facultade de Dereito da USC. Había 160 prazas dispoñibles.

"A lexislación vixente en materia de violencia de xénero esixe aos colexios da avogacía crear quendas especializadas para asesorar e asistir as vítimas e asemade require que os e as profesionais da avogacía posúan unha formación adecuada para a prestación deste servizo", destaca Chus Vieito, deputada da xunta de goberno do colexio e encargada da área de formación.

É por iso que este curso tiña carácter obrigatorio para todos aqueles avogados e avogadas que desexasen incorporarse á quenda de específica de violencia de xénero, para quen terá a consideración de formación inicial, e tamén era obrigatorio para os e

as profesionais da avogacía que xa formasen parte da dita quenda específica, para quen a súa acreditación servía para cumprir co requisito de actualizar e xustificar a realización de formación continuada cada tres anos sobre a materia.




XV Xornada Xustiza e Lingua

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizou a décimo quinta edición desta xornada, destinada a analizar a situación do galego na xustiza. Nesta ocasión, consistiu nunha mesa redonda titulada 'O uso do galego: do atestado policial á instrución xudicial'.

Nela participaron Juan Cástor Vázquez (comisario da Policía Nacional en Santiago), Antía Alvaredo (letrada da Administración de xustiza do Xulgado de Instrución Núm. 1 de Santiago) e Xosé María Rodríguez (avogado, colexiado 2087 do ICAS). Con carácter previo tivo lugar unha breve intervención a cargo do decano Francisco Rabuñal e do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.



Emotivo acto de San Raimundo de Peñafort



Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela celebrou no mes de xuño a festividade de San Raimundo de Peñafort, cun programa de actos aos que asistiron numerosas autoridades locais e autonómicas dos ámbitos xurídico, político e civil.

O acto central foi moi emotivo, xa que o colexio recuperou a súa tradicional festa anual tras o parón obrigado pola pandemia do coronavirus. “Quero recoñecer unha vez máis o traballo de todos os colexiados e colexiadas durante estes dous anos, sobre todo dos profesionais que forman parte da quenda de oficio”, asegurou na súa intervención o decano do Colexio da Avogacía de Santiago, Francisco Rabuñal.

“Asistiron ao acto o vicepresidente da Xunta, Diego Calvo, e o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo”

Asistiron ao acto o vicepresidente da Xunta, Diego Calvo; o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo; o xuíz decano de Compostela, Andrés Lago Louro, e Ángel Pantín, presidente da Sección Sexta da Audiencia Provincial, ademais de diferentes representantes das forzas de seguridade ou os grupos políticos municipais.

“Temos que continuar denunciando as carencias na administración de xustiza, que nestes momentos se materializan de forma especialmente grave no xulgado de Familia da cidade, totalmente saturado, ou as intolerables dilacións en obter un informe psicosocial do Imelga, que se prolongan durante máis dun ano, cando o dito informe é necesario para determinar algo tan importante como é a garda e custodia dos



menores nos procesos de familia. Por iso, aproveito esta ocasión para pedirlle ao alcalde, unha vez máis, o seu apoio para instar a administración central á creación de novos órganos xudiciais, e a vostede, vicepresidente, o urxente reforzo do Imelga”, continuou Rabuñal.

Bugallo agradeceu a implicación da avogacía coa sociedade compostelá, xa que o colexio colabora co Concello de Santiago e con outras institucións locais para o asesoramento a diferentes colectivos en materias como a xustiza gratuíta ou os desafiuzamentos.

O XII Premio de Dereitos Humanos foi para Cruz Vermella (delegación de Santiago de Compostela). O colexio destaca “a impagable tarefa que realiza cada día, un traballo que por suposto tamén se complicou e moito durante a pandemia; estamos en débeda con eles por estar en primeira liña nos momentos máis duros”.

No acto houbo unha entrega de diplomas aos letrados e letradas que cumpren 25 anos de exercicio profesional, e do diploma e insignia de ouro aos letrados e letradas que cumpren 40 anos de exercicio profesional.



“A delegación de Santiago de Cruz Vermella recibiu o XII Premio Dereitos Humanos do colexio “



Un dos momentos máis emotivos foi a entrega dunha placa conmemorativa a Jesús Maroño Barreiro, en recoñecemento aos seus máis de 60 anos de exercicio profesional.

O colexio quere aproveitar esta reportaxe para mostrar de novo as súas condolencias á familia de Jesús Maroño, xa que desgrazadamente faleceu o pasado mes de agosto. Deixa unha fonda pegada en todas aquelas persoas que o coñeceron.

“A Jesús Maroño coñecino hai moitos anos, diría que máis de corenta, xa que o coñecín a través do seu fillo, o noso compañeiro Waldo Maroño, con quen tiven a sorte de coincidir durante toda a miña vida escolar e universitaria; a súa actividade sempre estivo presidida pola súa seriedade, comprensión e respecto; persoa leal, participou non só do exercicio profesional como avogado, senón que foi profesor de Dereito Procesual da facultade de Santiago, ademais de colaborar na xestión colexial formando parte da xunta de goberno deste colexio como deputado e como tesoureiro”, lembrou Rabuñal.



O acto pechouse coa xura ou promesa de novos letrados e letradas, e cun recoñecemento a Juan José Martín Álvarez, ex director xeral de Xustiza, “pola súa colaboración constante cos avogados e avogadas de toda Galicia”.

Posteriormente, serviuse un viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca e a xornada rematou coa tradicional cea-baile no Gran Hotel Los Abetos.

Cruz Vermella Compostela: 125 anos de servizo á cidade

Este ano, no acto da festividade de San Raimundo de Peñafort, o Colexio da Avogacía de Santiago entregou o seu XII Premio de Dereitos Humanos á delegación da Cruz Vermella en Compostela, “pola impagable tarefa que realiza cada día en diferentes ámbitos”.

Durante moito tempo, a Cruz Vermella vinculouse co labor de socorro, pero a día de hoxe, con máis de 3.500 socios e 260 persoas voluntarias na cidade, realiza tamén numerosas actividades en materia de inclusión social, emprego, educación, saúde ou medio ambiente.



O presidente da asemblea da Cruz Vermella en Santiago, José Luis Barreiro Conde, agradeceu “o premio do colexio, xa que representa un recoñecemento ao labor que realizan todas as persoas que forman parte da Cruz Vermella”.

En máis dunha ocasión, explicou que “durante a pandemia da Covid-19 recibimos moitas solicitudes de persoas interesadas en colaboracións esporádicas”, o que reflicte a grandeza e a seriedade dunha institución con presenza en todo o mundo.

No contexto actual de crise económica e social, destacan as actuacións da Cruz Vermella Compostela “coas persoas que están nunha situación de vulnerabilidade ou exclusión, para mellorar a súa calidade de vida e para que teñan oportunidades e



recursos que lles permitan participar na sociedade dunha maneira igualitaria”.

En concreto, contribúe á inclusión social de infancia, mocidade, persoas maiores, mulleres en dificultade social, persoas sen fogar, inmigrantes, refuxiadas, persoas con capacidades diferentes ou privadas de liberdade.

Con respecto ás persoas maiores, “contribuímos a xerar actividades que favorezan unha vida activa e participativa, a través da creación de espazos de encontro, accións de lecer, voluntariado etc. para conseguir o benestar das persoas maiores, inmigrantes, refuxiadas ou con discapacidade”.

Cruz Vermella traballa tamén “para previr e contribuír a eliminar calquera tipo de violencia, empoderando e acompañando as mulleres en situación de dificultade social, nenos e nenas que sofren acoso, persoas maiores maltratadas ou vítimas de trata”.



Entrevista **Juan José Martín Álvarez**

“A xustiza gratuíta é un servizo público e debemos avanzar nun texto lexislativo que actualice esta función de defensa”

Secretario de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) desde o pasado mes de maio, Juan José Martín Álvarez deixou atrás unha etapa de 20 anos na Xunta de Galicia, boa parte deles como director xeral de Xustiza.

De que feitos ou melloras no sector durante estas dúas décadas quedou máis satisfeito?

Principalmente quedei satisfeito do desenvolvemento do plan de infraestruturas, pois realizáronse 34 actuacións entre as que se atopan edificios novos en Tui, Ourense, Santiago ou Pontevedra. E leváronse a cabo grandes rehabilitacións como a Cidade da Xustiza de Vigo ou a Fábrica de Tabacos na Coruña, tamén importantes intervencións nos edificios dos xulgados da rúa de Monforte na Coruña, no de Ferrol, Betanzos etc. Quedaron previstas dúas actuacións que se deberían licitar en breve, concretamente un novo edificio xudicial na Estrada que unifique as dúas sedes actuais e a construción doutro, en Santiago, que servirá como sede do Instituto de Medicina Legal.

Por outra banda, aínda que non é unha competencia da Dirección Xeral, pero si da Xunta de Galicia, cabe destacar a mellora dos medios tecnolóxicos. Grazas aos plans Senda que desenvolve a Amtega, púidose implantar unha rede de videoconferencias e renovar todo o equipamento das salas para que sexan dixitais, entre outras actuacións, como o camiño cara ao expediente xudicial electrónico, que en breve será unha realidade.

E non se debe esquecer a creación nestes últimos 13 anos de 47 novas unidades xudiciais, desagregadas en 26 xulgados, 12 maxistrados de órganos colexiados e 9 xuíces de adscrición territorial. Para este ano 2022 están aprobados 3 novos xulgados.

O custo destas creacións e posta en funcionamento tanto en edificios e equipamento como nos salarios dos

funcionarios, agás os de xuíces e letrados da Administración de xustiza, corren a cargo da Xunta; e da man destas novas unidades houbo un incremento de máis de 350 postos de funcionarios, neste mesmo 57 novas prazas, sempre coa participación das organización sindicais representantes dos traballadores.

E polo contrario, algunha conta pendente?

Seguro que moitas. Por exemplo, sempre quixemos a creación dun maior número de unidades xudiciais necesarias porque existía a vontade política de investir nelas, pero estas sempre foron limitadas no conxunto da súa distribución a nivel estatal, que por lei se fai desde o Ministerio de Xustiza... Outras contas pendentes poderían

“O accidente do Alvia e os tres meses de folga na Xustiza foron momentos moi complicados. Máis recentemente, a pandemia”



ser a instalación de desfibriladores ou completar a modernización dos elementos de seguridade dos edificios que manexan os membros da UVEX (Unidade de vixilancia de edificios xudiciais).

Cal foi o momento máis complicado que lle tocou afrontar nestes anos?

Pois o accidente do Alvia e os tres meses de folga na Xustiza. Máis recentemente, a pandemia; a Covid-19 causou unha conmoción na forma de traballar e provocou unha necesaria coordinación entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas. En marzo de 2020 promulgouse unha lexislación de emerxencia que establecía cales eran os servizos esenciais ou cales eran os funcionarios que debían acudir fisicamente aos xulgados. Esta situación levounos a centrar o investimento nas videoconferencias e nas conexións remotas ao centro de traballo, que houbo que incrementar aínda máis, producindo cambios moi significativos, como todo o que tivo que ver co teletraballo, a celebración de vistas por videoconferencia e o sistema de cita previa nos rexistros civís das cidades.

Considera que a repartición de competencias entre a Xunta e o Estado en materia de Xustiza é o adecuado? Ou habería que avanzar neste tema?

O marco vén dado pola Lei orgánica do poder xudicial, a Lei de demarcación e planta e mais polos regulamentos de desenvolvemento do Estatuto orgánico dos fun-

cionarios. Desde a miña perspectiva, débese avanzar nas competencias de xestión dos corpos traspassados e buscar unha maior participación na creación de novas unidades xudiciais. Isto a día de hoxe, pois no futuro, se o proxecto da lei organizativa é aprobada, falaríamos de tribunais de instancia.

A cidadanía ten moitas veces a sensación de que a xustiza é lenta, como podería axilizarse?

Os tempos da xustiza veñen marcados polas leis procesuais, o desideratum será que se poidan cumprir a través dunha nova organización xudicial dotada dun xeito suficiente, coas ferramentas instrumentais que supoñen as novas tecnoloxías e, tamén, con reformas procesuais que sen perda de garantías axilicen trámites, termos e prazos.

Como lembra súa relación cos colexios da avogacía galegos durante a súa etapa como director xeral? Desde o Colexio da Avogacía de Santiago, temos que agradecer a relación e o diálogo, sempre cordial e fluído, que mantivemos con vostede.

O agradecemento é mutuo, sempre mantivemos unha interlocución franca e fluída que nos levou a subscribir diferentes convenios e os dous acordos concluídos co Consello da Avogacía Galega relacionados coa xustiza gratuíta.

No ano 2017 asinamos un acordo co Consello da Avogacía Galega e o Consello Galego de Procuradores para actualizar os baremos e incorporar novos procedementos. E novamente, no ano 2021, volveuse negociar e pechar un novo acordo, que é o vixente. Realizouse un esforzo económico importante e creo que todos estamos satisfeitos cos resultados: a partida económica incrementouse nuns dous millóns de euros e a subida media foi do 15 %, incluídas as asistencias aos detidos.

Outro aspecto no que se realizou un grande esforzo ten que ver coa aplicación das novas tecnoloxías á xestión cotiá da xustiza gratuíta, permitíndonos proceder a un pagamento áxil das certificacións recibidas. Na actualidade, o prazo medio é de 20 días desde que se confirma que a certificación é correcta.

Mención á parte para min foi e segue sendo a relación co colexio de Santiago, o trato de amizade cos seus dous últimos decanos, cos membros da xunta de goberno e con moitos colexiados e colexiadas, porque estudei, traballei e vivo en Compostela, razón pola que esa relación é máis frecuente e intensa.

Como pode mellorarse a xustiza gratuíta?

Partindo da premisa de que a xustiza gratuíta é unha prestación que poderíamos cualificar de servizo público,



débese avanzar nun texto legislativo que actualice esta función de defensa e representación intimamente unida a dereitos fundamentais recollidos na nosa Constitución de 1978.

Outro dos temas importantes son as cantidades que retribúen esa función e que deben ir pouco a pouco aproximándose ás cantidades que recollen os baremos colexiais.

Que balance fai dous seus primeiros meses como secretario de goberno do TSXG?

O primeiro é un balance persoal de adaptación ao novo posto pois moitas cuestións son para min novas logo de anos na Administración autonómica. Por unha banda, actuar como secretario da Sala de Goberno do Tribunal e, pola outra, como secretario de goberno dos letrados e letradas da Administración de xustiza de Galicia xunto coa axuda indispensable dos secretarios e secretarías coordinadores provinciais. Nesta última faceta tiven que mergullarme na elaboración e ditado de acordos gubernativos sobre moi diversas cuestións relacionadas cos letrados xudiciais, resolver recursos de alzada sobre queixas e outras cuestións.

Outra nova faceta vén dada polo labor de inspección de órganos xudiciais xunto co presidente do alto Tribunal.

Tamén estamos entre todos dándolle o impulso definitivo ao expediente xudicial electrónico. A miña predecesora na secretaría de goberno deixara ditadas dúas instrucións nese sentido, unha para que a formación dos expedientes xudiciais incoados desde o 3 do outubro sexa totalmente dixital e, outra, para que as comunicacións entre xulgados e fiscalías se fagan de xeito telemático.

Como dicía nun recente artigo de prensa o meu sucesor na dirección xeral, José Tronchoni, no novo escenario

non estará prohibido imprimir pero ese papel non terá valor xurídico, o papel pode seguir sendo un apoio para os profesionais da xustiza, pero o expediente xudicial con valor xurídico será o electrónico.

Cales son os principais retos que afronta na súa nova responsabilidade?

Os meus propósitos e funcións veñen marcados polas leis e polo regulamento dos letrados da Administración de xustiza.

Coa reforma da Lei orgánica do poder xudicial de 2003, ademais de lles atribuír unhas novas funcións aos letrados xudiciais, creouse unha ordenación xerárquica deste corpo de funcionarios que sitúa o secretario xeral da Administración de Xustiza do Ministerio de Xustiza no vértice superior, seguido polo secretario de goberno en cada comunidade autónoma e o secretario provincial coordinador en cada provincia.

Ademais desta ordenación xerárquica instáuranse os principios de cooperación e colaboración coa Administración dos medios da Xustiza, que no noso caso é a Administración autonómica de Galicia, polo que un dos meus obxectivos é aproveitar a experiencia obtida na Administración autonómica para avanzar na necesaria coordinación coa Xunta como administración responsable de fornecer os medios materiais e persoais de xulgados e tribunais.

Outra das metas que me marquei é profundar no uso do galego dentro das funcións que me correspondan.

Outro debate na rúa é a elección do Poder Xudicial, é un debate xustificado? Debe haber cambios neste tema?

Nos estados democráticos da nosa contorna na elección dos órganos de goberno do Poder Xudicial participan os



“A min persoalmente paréceme lóxico arbitrar algún sistema de participación dos xuíces na elección de parte do seu órgano de goberno”

“Mención á parte foi e segue sendo a relación co colexio da avogacía de Santiago, o trato de amizade cos seus dous últimos decanos e cos membros da xunta de goberno”



proprios xuíces, como os deputados na elección do presidente e mesa do Parlamento ou como, tamén, é prerrogativa do presidente electo do executivo nomear os seus ministros.

A min persoalmente paréceme lóxico arbitrar algún sistema de participación dos xuíces na elección de parte do seu órgano de goberno.

A reforma consistiría en volver ao espírito da nosa Constitución vixente e que se recolleu na Lei orgánica do Consello Xeral do Poder Xudicial de 1980. Daquela os doce vogais de procedencia xudicial eran elixidos polos seus iguais, e os oito restantes polo Congreso e polo

Senado, estes últimos entre xuristas de recoñecido prestixio entre os que poderían e deberían estar avogados, procuradores, notarios, rexistradores, catedráticos de materias xurídicas, fiscais ou letrados da Administración de xustiza.

Segundo a lei de 1980, os vogais de procedencia xudicial debíanse repartir por categorías e así, 3 eran maxistrados do Tribunal Supremo, 6 maxistrados e 3 xuíces.

Este sistema, ou outro similar, parece que tamén sería conforme coa filosofía da Unión Europea sobre a elección dos órganos de goberno do Poder Xudicial.

CUESTIONARIO PERSOAL:

Campo ou cidade? Campo.

Un lugar de Galicia: un lugar pequeno e con mar

Un libro: algún de historia, por exemplo O Reino medieval de Galicia. Crónica dunha desmemoria, de Xosé Miguel Andrade Cernadas e Anselmo López Carreira, ou o último que estou lendo, Los visigodos, de José Soto Chica.

Unha comida: a variedade dun cocido galego.

E para beber? Viño, cervexa e auga (por esa orde)

Unha frase: Ensinanza do meu pai: Hai que esforzarse en facer as cousas ben para que saian (cando menos) regular.

Un personaxe histórico: Juan Prim

Un sinónimo de Galicia: o meu pobo

Unha película: O guateque, protagonizada por Peter Sellers (para rir un pouco)

Unha canción: Moitas... por exemplo Final del Viaje de Hilario Camacho, Layla de Eric Clapton, etcétera.

Un desexo: Que a todos nos vaia o mellor posible

Un vicio confesable: Reenvío á resposta sobre a bebida.

Acto de despedida aos alumnos e alumnas do Máster en Avogacía da USC e o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago, dependente da Universidade de Santiago de Compostela e do Colexio da Avogacía de Santiago, celebrou no mes de maio un acto institucional para despedir a novena promoción do Máster Universitario en Avogacía.

Máis de 250 persoas asistiron ao acto, presidido polo reitor da USC, Antonio López; o decano do Colexio da Avogacía, Francisco Rabuñal; e o director da Escola de Práctica Xurídica (EPX), Lotario Vilaboy. Un total de 55 alumnos e alumnas superaron o máster e realizaron o exame de acceso á avogacía.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago converteuse nunha referencia en toda España. Durante ano e medio, os alumnos reciben na escola formación nas materias Civil e Mercantil, Penal, Laboral e Administrativo. O 60 % do profesorado é designado polo Colexio da Avogacía de Santiago, mentres que o 40 % depende da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Como cada ano, no acto reconeceuse o traballo que realizan todos os profesionais que se encargan de titorizar o alumnado nas prácticas do Grao en Dereito nas que colabora a Escola, e nas catro materias de prácticas externas que o alumnado do máster cursa en diferentes administracións públicas, xulgados, tribunais e despachos de avogados.



Quenda voluntaria especializada para asesorar as persoas desprazadas desde Ucraína

A Xunta de Goberno do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela tomou na pasada primavera o acordo de crear unha quenda específica formada por avogados e avogadas especialistas en Estranxeiría e Dereito Administrativo, co obxectivo de lles prestar ás persoas desprazadas desde Ucraína que o solicitasen “asesoramento xurídico gratuito en todos os trámites necesarios, como poden ser a obtención do permiso de residencia, a solicitude de axudas ou calquera outra xestión administrativa”.

“Tomamos esta decisión ante a grave situación que está a vivir Ucraína e a chegada de persoas que foxen da guerra a Santiago de Compostela e a outros concellos dentro dos partidos xudiciais do noso ámbito territorial”, explicou o



decano da avogacía de Compostela, Francisco Rabuñal.

As persoas que forman parte da quenda reciben formación adicional á que xa teñen para abordar cuestións específicas como “o sistema extraordinario de concesión do permiso de traballo e permanencia posto en marcha coa Directiva europea de protección temporal”.

Ademais, o Consejo General de la Abogacía Española elaborou unha guía para dar a coñecer a información e os pasos necesarios para levar a cabo este labor de asistencia e asesoramento xurídico ás persoas ucraínas desprazadas.


“A avogacía ten que demostrar nesta ocasión a súa vocación de servizo á sociedade, dando axuda ás persoas que teñen que irse de Ucraína”, engadiu Rabuñal.

Asesoramento a persoas sen recursos

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, e o decano do colexio, Francisco Rabuñal, renovaron o convenio para o servizo de quenda de letrados e letradas especialistas en dereito administrativo e laboral para prestar asistencia e asesoramento xurídico a aquelas persoas sen recursos que precisen interpoñer recursos administrativos previos ás xurisdicións contencioso-administrativa ou laboral.

O colexio é consciente da súa función social, polo que mantén co Concello de Santiago varios convenios de colaboración para axudar a persoas sen recursos.

Tamén están vixentes outro tipo de convenios, como o que hai entre o colexio e o Concello de Santiago para a colaboración de ambas as entidades na xestión dos tributos locais.



Mediante a sinatura deste convenio, os avogados e avogadas do colexio poden, en representación de terceiras persoas, presentar e remitirle telematicamente ao concello autoliquidacións, declaracións, e calquera documento con transcendencia tributaria, sempre coa autorización previa do obrigado tributario.

O concello pretende impulsar a utilización das novas tecnoloxías para axilizar o pagamento de tributos, poñendo en marcha un sistema de xestión tributaria na web para a totalidade dos ingresos municipais.

Asimetría normativa e preterición práctica

Ao fío de cumprir coa invitación para escribir un artigo coa miña opinión sobre o uso da lingua galega na práctica cotiá da avogacía e co obxecto de non repetir temas ou asuntos xa tratados nesta sección, procedín á lectura do xa publicado nos números anteriores da revista *Avogacía Compostelá*, facilmente accesibles dende a páxina web do noso Colexio de Avogados. Dezaioito números que abranguen uns catorce anos e conforman una panoplia de asuntos expostos



por avogados, lingüistas e cargos públicos e nos que se incide en dúas ideas centrais que poden rastrexarse na maioría dos artigos: (1) a necesidade da promoción do uso do lingua galega tanto na Administración coma na xustiza e (2) a falta do uso escrito do galego en documentos xurídicos de todo tipo.

Pois ben, deixando á marxe o anecdótico uso escrito da lingua galega no eido da xustiza, que non parece que teña visos de mellorar a pesar dos esforzos de diversos colectivos, coma por exemplo os da **Irmandade Xurídica Galega**, chegados á actualidade resulta que a preguiceira

Administración pública foi avanzando. Xa non se trata só da publicación no DOG dos documentos en dúas linguas oficiais, senón que a práctica totalidade de procedementos, expedientes, solicitudes e demais que se tramitan tanto no ámbito autonómico coma no local son redactados en lingua galega. Indo por tanto máis aló do previsto na Lei de normalización lingüística de Galicia do ano 1983, que se conformaba con expresións coma promoción ou normalización do uso.

O anterior significa que se desbordou pola vía dos feitos aquelas limitacións impostas pola Sentenza do Tribunal Constitucional do 26 de xuño de 1986, que declarou inconstitucional un inciso da citada lei, aquel que contiña o deber de coñecer a lingua galega por todos os galegos **e consagraba xurisprudencialmente unha asimetría normativa respecto do castelán**, que si ten recoñecido ese deber xeral no artigo 3.1 da Constitución española.

No entanto, a lingua galega acadou un status predominante no uso administrativo galego, se non temos en conta os organismos periféricos do Estado. Boa proba disto é que os concellos de maior poboación de Galicia contan con ordenanzas



ou regulamentos sobre o uso do galego, máis o menos similares, nas que se declara o galego como idioma oficial do concello cunha clara finalidade de emprego case en exclusiva, **aínda que respectando o dereito dos cidadáns a elixir a lingua que desexen utilizar**. Así por exemplo, o Regulamento do uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, que



data de 1988, a maiores da oficialidade do galego recolle no seu artigo 2 que o Concello de Santiago **“empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas situadas en Galicia”**. Tamén a máis recente Ordenanza do uso da lingua galega do Concello da Coruña do pasado ano 2021 segue esta corrente no seu artigo 4, **“Como criterio xeral, todas as actuacións do Concello da Coruña realizaranse en galego, sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego, tamén se fagan noutra/s lingua/s.”** Chegando a recoller a obriga expresa da redacción en lingua galega da práctica totalidade da documentación administrativa, **“b) As resolucións de todos os órganos municipais. c) Toda a documentación xerada polo concello que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que se someter á decisión ou coñecemento dos ditos órganos. d) As actas e os acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes do Concello da Coruña. e)**

As notificacións, os recursos, as escrituras públicas e, en xeral, todos os actos de carácter público ou administrativos que se realicen por escrito en nome do Concello da Coruña ou dos organismos que dependen del. 3. Todos os modelos de documentación do Concello da Coruña serán elaborados e difundidos de entrada e prioritariamente en galego e, verbo disto, nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa, deberase ter presente o que establece este artigo, sen que isto signifique que, en casos específicos, non se puiden incorporar tamén a outra lingua oficial para cando unha persoa o puiden requirir expresamente.”

Polo momento só tivo atrancos xudiciais significativos a Ordenanza do uso do galego do Concello de Lugo, que tamén **mantén a redacción íntegra administrativa en lingua galega**, xa que foi revogada parcialmente pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 18 de febreiro de 2016 e confirmada posteriormente polo Tribunal Supremo. Porén, tal pronunciamento non afectou o substancial respecto da tramitación en lingua galega, senón que só mostrou reparos á exclusividade no uso lingüístico dos “rogos e preguntas” por non considerar admisible impor ao cidadán o uso dunha lingua concreta.

Por outra banda, a mellora na redacción e a claridade dos textos en galego da tramitación administrativa tamén foi significativa nos últimos anos, polo que debe inferirse que os cursos de formación ofertados dende a Escola Galega de



Administración Pública, unido á existencia de ferramentas informáticas máis avanzadas, valen para algo. Neste sentido, non está de máis lembrar que o noso Colexio subscribe periodicamente convenios nesta materia para facilitarnos o acceso a ese tipo de formacións e a outros recursos de apoio lingüístico.

Os mencionados avances no sector da Administración non veñen asociados co mesmo auxilio na nosa profesión e obsérvase un claro estancamento no uso do galego escrito por parte

dos avogados, posiblemente motivado tanto pola inseguridade que provoca a falta de costume, coma pola sempiterna falta de tempo que pende sobre nós coma espada de Damocles.

Non obstante, a pesar de que temos liberdade para usar calquera dos idiomas oficiais, non parece que vaia ser sostíbel no tempo a dualidade na que nos atopamos, na que a Administración usa o idioma galego e o avogado o idioma castelán nas súas relacións mutuas, o que pode dar lugar a expedientes un tanto caóticos vistos desde fóra. Poida tamén que non sexa o máis recomendábel na defensa do cliente, xa que os formalismos sempre contan e obxectivamente semella máis adecuado que as dúas partes utilicen o mesmo idioma.

Moitos se adaptarán e outros preferirán seguir como lles vai ben. Non hai unha opción correcta e para iso poderemos escoller calquera dos nosos dous idiomas cando queiramos, por algo somos galegos.



José Ramón Freijeiro Otero
Colexiado 1773 ICA Santiago



Unha
condena... ás
custas ou ás
costas?

Toma nota!

A forma correcta en galego para nos referirmos aos 'gastos orixinados nun proceso xudicial' é *custas* (*procesuais*).

No uso xeral empregamos o substantivo *custo*, forma normativa que deriva do verbo *custar*, co significado de 'valor ou prezo atribuído a algo'.

Artigo 241.1 da LAC sobre "pagamento das custas e gastos do proceso"

"Agás o disposto na Lei de asistencia xurídica gratuíta, cada parte pagará os gastos e **custas** do proceso causados pola súa instancia a medida que se vaian producindo."

(Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil —Suplemento en galego núm. 2 do BOE do 05.02.2000: _

https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2000/02/05/)

La Voz de Galicia

OFERTA 50% DTO. Suscríbete a mitad de precio

El Colexio de Avogados de Santiago se implica con el lenguaje inclusivo y se rebautiza

LA VOZ
SANTIAGO / LA VOZ

La Voz de Galicia

OFERTA 50% DTO. Suscríbete a mitad de precio

SANTIAGO CIUDAD

Despedida de los alumnos del Máster en Avogacía

LA VOZ



El Colegio de Abogados crea un voluntariado para asesorar a los ucranianos desplazados

Conforman esta cadena de especialistas aquellos que se dedican a Extranjería y a Derecho Administrativo

Santiago. La Junta de Gobierno del Colegio de Abogados de Santiago toma el acuerdo de crear un turno específico formado por abogados y abogadas especialistas en Extranjería y en Derecho Administrativo, con el objetivo de prestar a las personas desplazadas desde Ucrania que lo soliciten "asesoramiento

ámbito territorial", ha explicado el decano de la abogacía de Compostela, Francisco Rabuñal.

El colegio ya tiene abierto un plazo, de cinco días, para que los colegiados que tengan interés puedan inscribirse en esta iniciativa. Las personas que formen parte del voluntariado recibirán formación adicional para abordar cuestiones como "el sistema extraordinario de concesión del permiso de trabajo y permanencia", puesto en marcha con la Directiva Europea de Protección Temporal. **REDACCIÓN**



El decano del Colegio, Francisco Rabuñal, y la vicedecana, María del Carmen González. Foto: ECG

elCorreoGallego

O Colexio de Avogados organizou unha sesión sobre contratación administrativa



elCorreoGallego

O Colexio de Avogados recupera a súa festa anual tras a pandemia



La Voz de Galicia

Lee sin límites todas las noticias

SANTIAGO

Los abogados de Santiago premian a Cruz Roja

LA VOZ



La Voz de Galicia

El Colegio de Abogados de Santiago crea un turno para asesorar a los desplazados de Ucrania

XURKO MELCHOR
SANTIAGO

24 SANTIAGO

EL CORREO GALLEGO

VIERNES 11 DE MARZO 2022

Aprobación de cuentas histórica en el Colegio de Abogados de Santiago

SANTIAGO. El Colegio de Abogados de Santiago celebró su junta general coincidiendo con los actos del 8 M, y fue presidida por primera vez en la historia por tres mujeres, la vicedecana Carmen González Hierro y las diputadas Chus Vieito y Margarita Ruiz. Los colegiados presentes aprobaron por unanimidad el informe de gestión del colegio durante el año 2021, en el que a pesar de la pandemia mantuvo toda su actividad. "Quiero agradecer el esfuerzo de todos y todas las colegiadas, de las personas que forman parte del turno de oficio y de los trabajadores del colegio, que nunca dejaron de dar servicio a la ciudadanía en la pandemia", destacó Carmen González Hierro. Durante 2021, el colegio tramitó 3.524 expedientes de justicia gratuita, aprobó diferentes medidas de ayuda a los colegiados por el covid y mantuvo actividades de formación, muchas telemáticas. El colegio firmó un convenio

de las personas que forman parte del turno de oficio y de los trabajadores del colegio, que nunca dejaron de dar servicio a la ciudadanía en la pandemia", destacó Carmen González Hierro.

Durante 2021, el colegio tramitó 3.524 expedientes de justicia gratuita, aprobó diferentes medidas de ayuda a los colegiados por el covid y mantuvo actividades de formación, muchas telemáticas. El colegio firmó un convenio



ABOGACÍA. Tres mujeres presidieron por primera vez en la historia la junta general del Colegio de Abogados.

A avogacía de Santiago tramita cada ano preto de 3.500 casos da quenda de oficio

O Colexio de Avogados de Compostela é un dos poucos de toda España que adianta os pagos da quenda aos profesionais // Hoxe, 12 de xullo, é o Día da Xustiza Gratuita

FRANCISCO GONZÁLEZ
SANTIAGO

Unha batalla vencida que se converte en un servizo máis importante para garantir a igualdade no acceso á xustiza a todos os cidadáns. Así, foi

Unha batalla vencida que se converte en un servizo máis importante para garantir a igualdade no acceso á xustiza a todos os cidadáns. Así, foi

Unha batalla vencida que se converte en un servizo máis importante para garantir a igualdade no acceso á xustiza a todos os cidadáns. Así, foi

Servizo de Orientación Xurídica: Quenda de oficio e asistencia ao cliente

24 HORAS AO DÍA 7 DÍAS Á SEMANA

365 DÍAS AO ANO

Prestan servizo 355 ABOGADOS/AS

Ano 2021: Designación de quenda de oficio 3.438

Ano 2022 (Januario a xuño): Designación de quenda de oficio 1.738

DÍA DA XUSTIZA GRATUITA


12 JULIO

NON HAN MELLOR ATAQUE QUE UNHA BOA DEFENSA

#DíaJusticiaGratuita #TurnoOficio

Abogacía Española

A Avogacía Compostelá conta cun novo canal en YouTube



Colexio da Avogacía de Santiago creou un canal en YouTube denominado 'Avogacía Compostelá', dende o que se poden visualizar os cursos e xornadas de formación que se imparten en liña.


Desde o pasado mes de marzo, este tipo de formacións son gravadas e publicadas no canal co fin de facilitar a súa reprodución en calquera momento. Como exemplo, están dispoñibles as intervencións dos relatores nas xornadas levadas a cabo sobre responsabilidade civil e as de contratación administrativa.

Desta forma, o colexio dá un paso máis para estar preto

dos colexiados e colexiadas, potenciando unha área prioritaria como é a da formación.



Máis de 3.000 seguidores nos perfís en redes sociais





comunidade do Colexio de Avogacía de Santiago nas redes sociais experimentou de novo este ano un forte incremento. A rede con máis seguidores é a de Twitter, con máis de 1.900, polos 890 de Facebook e os 255 de Instagram.

Esta comunidade virtual de máis de 3.000 seguidores está ao día das últimas novidades do colexio, con información sobre cursos e xornadas, campañas, novas do sector, ou os titulares máis destacados sobre xustiza dos medios de comunicación.

As redes sociais son a día de hoxe un instrumento de comunicación moi áxil, non só

para conectar cos colexiados e colexiadas, senón tamén co conxunto da sociedade de Compostela e de Galicia. Grazas a todos e a todas pola vosa participación!





ILUSTRE COLEXIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BASES DE DATOS / BIBLIOTECA ONLINE




Vea qué hicieron otros abogados para ganar un caso como el suyo





- Base de datos de Xurisprudencia
- Programa de xestión Quolaw






CENDOJ
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN JUDICIAL



Biblioteca On-Line
Monografías y Ediciones Digitales



 BIBLIOTECA ABOGACÍA

CATEGORÍAS

- CIRCULARES
- LEXNET / SERVICIOS TELEMÁTICOS
- SIGA
- OFICINA VIRTUAL
- QUENDA DE OFICIO
- BASES DE DATOS / BIBLIOTECA ONLINE
- TAXACIÓN DE CUSTAS
- FERRAMENTAS / CALCULADORAS
- SEDE ELECTRÓNICA XUDICIAL
- GUÍA COLEXIAL - REVISTA
- SERVIZO DE ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO
- TABOLEIRO DE ANUNCIOS
- OUTROS SERVIZOS
- MEDIACIÓN

BIBLIOTECA SEDE COLEXIAL

 Acceso ao catálogo

 Formulario de novas adquisicións

 Regulamento

¡Ahorrar tiene doble incentivo!

Si realizas aportaciones a tu Plan de Previsión Profesional, mejoras tu futuro y obtienes **beneficios fiscales en tu próxima declaración de la renta**. ¡Da un último empujón y obtén el máximo incentivo fiscal!



En tu Sistema de Previsión Social Profesional o el de Previsión Personal

Reducción Base imponible IRPF
Aporta hasta 1.500 €¹ anuales

+

Como gastos de la actividad **14.057 € en el Sistema de Previsión Social Profesional**

¿Y si los superas?

Puedes seguir ahorrando con el **Plan de Ahorro 5, Sistema de Ahorro Flexible o PIAS**.

**GRAN
RENTABILIDAD**

3%²
para el
trimestre actual
(tasa anual)

Realiza ya tus aportaciones en tu **área personal** en **www.mutualidadabogacia.com** o a través de la aplicación

Puedes informarte en el teléfono **914 35 24 86** o en el correo **sam@mutualidadabogacia.com**

1. Reducción base imponible IRPF, en conjunto de los Sistemas de Previsión Social Profesional y Sistema de Previsión Personal y el resto de planes de pensiones que tengas. Reducción en base imponible del IRPF del menor entre 1.500 euros anuales y el 30 % de la suma de los rendimientos netos del trabajo y actividades económicas percibidos en el ejercicio.

2. Rentabilidad de 2021: 3,34 %. Rentabilidades pasadas no implican rentabilidades futuras.